

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 12356** Orde APM/1040/2017, do 23 de outubro, pola que se establece a data a partir da cal será exigible a constitución da garantía financeira obrigatoria para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, clasificadas como nivel de prioridade 1 e 2, mediante Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, e pola que se modifica o seu anexo.

I

A Directiva 2004/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais, estableceu por primeira vez un marco común para a prevención e a reparación dos danos ambientais nos Estados membros.

O artigo 45 da Constitución española recoñece o dereito dos cidadáns a desfrutaren dun ambiente adecuado como condición indispensable para o desenvolvemento da persoa, ao mesmo tempo que establece que os que incumpran a obrigaçión de utilizar racionalmente os recursos naturais e a de conservar a natureza estarán obrigados a reparar o dano causado con independencia das sancións administrativas ou penais que tamén correspondan.

A Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, modificada pola Lei 11/2014, do 3 de xullo, que incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril, estableceu un novo réxime administrativo de reparación de danos ambientais en virtude do cal os operadores que ocasionen danos ao ambiente ou ameacen con ocasionalos deben adoptar as medidas necesarias para previlos ou, cando o dano se teña producido, para evitar que se produzan novos danos e devolver os recursos naturais danados ao estado anterior.

O artigo 24 da lei establece que os operadores das actividades incluídas no seu anexo III, sen prexuízo das exencións previstas no artigo 28, deberán dispor dunha garantía financeira que lles permita facer fronte á responsabilidade ambiental inherente á actividade ou actividades que pretendan desenvolver. Ese mesmo artigo indica que a cantidade que, como mínimo, deberá quedar garantida será determinada polo operador segundo a intensidade e extensión do dano que a súa actividade poida causar, e que a fixación da contía desta garantía partirá da análise de riscos ambientais da actividade ou das táboas de baremos que se realizarán de acordo coa metodoloxía que regulamentariamente se estableza.

A disposición derradeira terceira da Lei 26/2007, do 23 de outubro, facultaba o Goberno, logo de consultar as comunidades autónomas, para ditar, no seu ámbito de competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do capítulo IV da lei, relativo ao réxime xurídico das garantías financeiras, do anexo I sobre criterios para determinar a significatividade do dano nas especies silvestres ou nos hábitats, do anexo II sobre reparación do dano ambiental, e do anexo VI sobre a información que as administracións públicas deben facilitar ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente en materia de responsabilidade ambiental.

En virtude da mencionada habilitación, o Goberno adoptou o Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, que foi modificado mediante o Real decreto 183/2015, do 13 de marzo, e que, entre outros aspectos, regula as cuestións esenciais da garantía financeira obrigatoria, isto é, o proceso para determinar a súa contía e as súas modalidades -o aval, a reserva técnica e a póliza de seguro-, así

como a determinación dos operadores que quedan obrigados a constituír a garantía financeira e mais aqueles que quedan exentos desta obrigación e, por tanto, de realizaren a análise de riscos ambientais previstos na lei.

II

O artigo 33 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece que a determinación da garantía financeira partirá da análise de riscos ambientais da actividade e regula a metodoloxía para realizar esa análise nos seus artigos 34 e seguintes.

Da mesma maneira, o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, prevé a posibilidade de realizar, con carácter voluntario, análises de riscos ambientais sectoriais e táboas de baremos co obxecto de facilitar a avaliación dos escenarios de risco e reducir o custo de realización das análises de riscos ambientais.

Por outro lado, a disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece que a data a partir da cal será exixible a constituición da garantía financeira obrigatoria para cada unha das actividades do anexo III se determinará por Orde da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, precedendo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de consultar as comunidades autónomas e os sectores afectados. Así mesmo, establece que esas ordes ministeriais se aprobarán a partir do 30 de abril de 2010.

Neste contexto, o 29 de xuño de 2011 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establece a orde de prioridade e calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será exixible a garantía financeira obrigatoria, prevista na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

A Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, estableceu un calendario gradual para a elaboración das ordes ministeriais ás cales se refire a disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e estableceu unha orde de prioridade das actividades económicas do anexo III da lei. Desta maneira, establecéronse os prazos e os calendarios para aprobar as ordes ministeriais para a efectiva aplicación da garantía financeira de responsabilidade ambiental.

O calendario establecido na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, orienta acerca dos prazos para os operadores realizaren as análises de riscos ambientais necesarias para o cálculo da garantía financeira, que deberán levar a cabo con carácter obrigatorio antes da data en que a garantía financeira sexa exixible, e que se fixará nas citadas ordes ministeriais, tal e como establece a disposición derradeira primeira do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

Por outro lado, os modelos de informe de riscos ambientais tipo de cada sector ou, se for o caso, a guía metodolóxica correspondente, así como as táboas de baremos, deberán ter recibido o informe favorable da Comisión técnica de prevención e reparación de danos ambientais antes da data a partir da cal sexa exixible a constituición da garantía financeira obrigatoria para cada sector de actividade, para poderen ser utilizados como base polos operadores destes sectores de actividade no desenvolvemento das súas análises de riscos ambientais individuais.

A Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, realizou unha clasificación das actividades económicas e profesionais enumeradas no anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro. A partir desa clasificación, establece un calendario gradual para a elaboración das ordes ministeriais que debían fixar a data de entrada en vigor da garantía financeira. Así, estableceuse que as ordes ministeriais que establecerían a data de exixibilidade da garantía financeira obrigatoria para os sectores de actividade clasificados co nivel de prioridade 1 se publicaría entre os dous e tres anos seguintes á entrada en vigor desa orde, as relativas aos sectores clasificados co nivel de prioridade 2 entre os tres e cinco anos seguintes, e as relativas aos sectores de actividade clasificados co nivel de prioridade 3 entre os cinco e os oito anos seguintes.

Por tanto, a presente orde ministerial ten por obxecto cumprir co establecido na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, e, en consecuencia, fixar a data a partir da cal será exigible a constitución da garantía financeira obrigatoria prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, clasificadas con nivel de prioridade 1 e con nivel de prioridade 2 conforme o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño.

Debido ás modificacións da Lei 26/2007, do 23 de outubro, operadas a través da Lei 11/2014, do 3 de xullo, e do Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, a través do Real decreto 183/2015, do 13 de marzo, que afectan a constitución da garantía financeira obrigatoria, non se puido aprobar a presente orde no calendario previsto pola Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño. Así mesmo, é preciso que a data de entrada en vigor da garantía financeira obrigatoria para os operadores das actividades clasificadas con nivel de prioridade 1 e con nivel de prioridade 2 conforme o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, permita dar un prazo suficiente a estes operadores para realizaren ou adaptaren as súas análises de riscos ambientais ao novo procedemento de determinación da garantía financeira obrigatoria. Con isto, preténdese dotar dunha maior seguranza xurídica os operadores afectados na aplicación da garantía financeira obrigatoria.

III

O anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, incluía, entre outras, as actividades suxeitas ao ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, coa denominación incluída no Real decreto 509/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

O citado real decreto foi derogado mediante o Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, que inclúe, no seu anexo I, unha nova relación de categorías de actividades e instalacións enumeradas no artigo 2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Así mesmo, con posterioridade á aprobación da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, aprobouse a Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que modifica o actual ámbito de aplicación do anexo I da Lei 16/2002, do 1 de xullo, relativo ás actividades a que se aplica a norma para cubrir tipos de instalacións adicionais e concretar e ampliar máis en relación con determinados sectores. Todas estas modificacións normativas están recollidas no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.

En consecuencia, cómpre modificar o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, co obxecto de adaptar a relación de actividades afectadas polo texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado por Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, e o Real decreto 815/2013, do 18 de outubro.

Por outro lado, o Real decreto 183/2015, do 13 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, recolle, no seu artigo 37.2, as actividades que quedan exentas de constituír a garantía financeira obrigatoria conforme o establecido no artigo 28.d) da lei, e as que manteñen esa obrigaón, que son as actividades e instalacións suxeitas ao ámbito de aplicación do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, as actividades e instalacións suxeitas ao ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e os operadores que contén con instalacións de residuos mineiros clasificadas como de categoría A de acordo co

establecido no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

Por isto, cómpre modificar o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, de forma que este se refira exclusivamente ás actividades profesionais que quedan suxeitas á obrigação de constituír a garantía financeira obrigatoria.

Para a redacción deste novo anexo desenvóléronse, en primeiro lugar, as categorías ou epígrafes concretas do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, co obxecto de manter a súa aproximación sectorial. En segundo lugar, elimináronse do anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, aquelas actividades que quedan exentas da obrigação de constituír garantía financeira segundo establece o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro. Desta maneira, coas modificacións realizadas, o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, recolle a orde de prioridade dos sectores profesionais que desenvolven actividades enumeradas no anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e que quedan obrigados a constituír a garantía financeira obrigatoria. Adicionalmente, no anexo modificado da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, recóllese unha parte específica referente aos operadores suxeitos ao ámbito de aplicación do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas (operadores Seveso).

Finalmente, suprimíuse a relación entre as actividades profesionais cos códigos fixados no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009).

Respecto ao nivel de prioridade asignado ás actividades profesionais recollidas no novo anexo da Orde ARM/1783/2011, cabe lembrar que a orde de prioridade de todas as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, que se realizou para a redacción desa orde ministerial, incluídas as actividades dos tres grupos que manteñen a obrigação de constituír garantía financeira (actividades Seveso, actividades incluídas no anexo I do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, e actividades de xestión de residuos mineiros), se fixo a partir da valoración dunha serie de criterios relacionados co risco ambiental de cada sector profesional. No anexo modificado da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, mantense o nivel de prioridade das actividades que están presentes na antiga e na nova redacción, e para as instalacións adicionais que se introduciron no ámbito de aplicación do anexo I do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, seguíuse o criterio de asignarlles o correspondente ao sector profesional máis semellante do antigo anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño.

En definitiva, os obxectivos da presente orde ministerial son, por un lado, modificar o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, de forma que nel só aparezan as actividades que, conforme o novo artigo 37.2.a) do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, quedarán obrigadas a constituír a garantía financeira, clasificadas co nivel de prioridade correspondente, de 1 a 3. E por outro lado, establecer a data a partir da cal será exigible a garantía financeira prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, ás actividades clasificadas con nivel de prioridade 1, e con nivel de prioridade 2, na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño.

A presente orde foi sometida á Comisión técnica de prevención e reparación de danos ambientais e á Comisión Delegada do Goberno de Asuntos Económicos. Así mesmo, durante o proceso de tramitación foron consultados, entre outros, as comunidades autónomas, o Consello Asesor de Medio Ambiente e os sectores afectados, e foi posta ao dispor do público en xeral. Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer a data a partir da cal será exigible a garantía financeira prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, ás actividades clasificadas con nivel de prioridade 1 e nivel de prioridade 2 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establece a orde de prioridade e o calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será exigible a garantía financeira obrigatoria, previstas na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e modificar o seu anexo.

Artigo 2. Entrada en vigor da obrigatoriedade de constituír garantía financeira.

1. As actividades clasificadas con nivel de prioridade 1 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, deberán dispor dunha garantía financeira que lles permita facer fronte á responsabilidade ambiental inherente á actividade ou actividades que pretendan desenvolver, no prazo dun ano contado desde a data de entrada en vigor da presente orde.

2. As actividades clasificadas con nivel de prioridade 2 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, deberán dispor dunha garantía financeira que lles permita facer fronte á responsabilidade ambiental inherente á actividade ou actividades que pretendan desenvolver, no prazo de dous anos contados desde a data de entrada en vigor da presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establece a orde de prioridade e o calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será exigible a garantía financeira obrigatoria, previstas na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.*

O anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, queda redactado como segue:

«ANEXO**Orde de prioridade de sectores profesionais que desenvolven actividades enumeradas no anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e quedan obrigados a constituír a garantía financeira obrigatoria prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental**

Os operadores que estean obrigados a realizar unha análise de riscos ambientais da súa actividade profesional para avaliar se deben constituír unha garantía financeira por responsabilidade ambiental, conforme o artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, deberán identificar o sector e o nivel de prioridade que lles corresponda a través da categoría de actividade máis específica referente ao seu sector ou subsector profesional.

En todo caso, os operadores incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, levarán asociado un nivel de prioridade 1 (máxima prioridade).

Naqueles casos en que un operador sexa responsable de dúas ou máis actividades diferentes, este operador poderá realizar distintas análises de riscos ambientais, respectando cada un deles o nivel de prioridade que se lle asigna neste anexo ou ben realizar, se procede, unha única análise de riscos acolléndose, nese suposto, ao nivel de prioridade máis exixente entre as actividades que se integren nesa análise.

Actividades profesionais		Nivel de prioridade
Operadores suxeitos ao ámbito de aplicación do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas (operadores Seveso)		1
Categorías de actividades industriais incluídas no anexo I do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro)		
1. Instalacións de combustión		
1.1	Instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal igual ou superior a 50 MW:	
1.1a	Instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario ou en réxime especial, nas cales se produza a combustión de combustibles fósiles, residuos ou biomasa.	1
1.1b	Instalacións de coxeración, caldeiras, xeradores de vapor ou calquera outro equipamento ou instalación de combustión existente nunha industria, sexa esta ou non a súa actividade principal.	1
1.2	Refinarías de petróleo e gas:	
1.2a	Instalacións para a refinación de petróleo ou de cru de petróleo.	2
1.2b	Instalacións para a produción de gas combustible distinto do gas natural e gases licuados do petróleo.	2
1.3	Coquerías.	2
1.4	Instalacións de gasificación e licuefacción de:	
1.4a	Carbón.	3
1.4b	Outros combustibles, cando a instalación teña unha potencia térmica nominal igual ou superior a 20 MW.	3
2. Produción e transformación de metais		
2.1	Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos, incluído o mineral sulfurado.	3
2.2	Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.	2
2.3	Instalacións para a transformación de metais ferrosos:	
2.3a	Laminación en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.	3
2.3b	Forxa con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.	3
2.3c	Aplicación de camadas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.	2
2.4	Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.	2
2.5	Instalacións:	
2.5a	Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.	3
2.5b	Para a fusión de metais non ferrosos, incluída a aliaxe, así como os produtos de recuperación e outros procesos cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio, ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.	3
2.6	Instalacións para o tratamento de superficie de metais e materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 m ³ .	3
3. Industrias minerais		
3.1	Produción de cemento, cal e óxido de magnesio:	
3.1a (i)	Fabricación de cemento por moenda cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias.	3
3.1a (ii)	Fabricación de clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	3
3.1b	Produción de cal en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	3
3.1c	Produción de óxido de magnesio en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	3
3.3	Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	3

	Actividades profesionais	Nivel de prioridade
3.4	Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais, cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.	3
3.5	Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante cocción en forno, en particular tellas, tixolos, refractarios, azulexos, gres cerámico ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, ou unha capacidade de forno de máis de 4 m ³ e máis de 300 kg/m ³ de densidade de carga por forno.	3
4. Industrias químicas. A fabricación, para efectos das categorías de actividades desta norma, designa a fabricación a escala industrial, mediante transformación química ou biolóxica dos produtos ou grupos de produtos mencionados nas epígrafes		
4.1	Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos, en particular:	
4.1a	Hidrocarburos simples (lineares ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos).	3
4.1b	Hidrocarburos oxixenados, tales como alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres e mesturas de ésteres acetatos, éteres, peróxidos, resinas epoxi.	3
4.1c	Hidrocarburos sulfurados.	3
4.1d	Hidrocarburos nitroxenados, en particular, aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.	3
4.1e	Hidrocarburos fosforados.	3
4.1f	Hidrocarburos haloxenados.	3
4.1g	Compostos orgánicos metálicos.	3
4.1h	Materias plásticas (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).	3
4.1i	Cauchos sintéticos.	3
4.1j	Corantes e pigmentos.	3
4.1k	Tensioactivos e axentes de superficie.	3
4.2	Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos inorgánicos como:	
4.2a	Gases e, en particular, o amoníaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nitróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.	3
4.2b	Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.	3
4.2c	Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.	3
4.2d	Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxéntico.	2
4.2e	Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio.	3
4.3	Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes a base de fósforo, de nitróxeno ou de potasio (fertilizantes simples ou compostos).	3
4.4	Instalacións químicas para a fabricación de produtos fitosanitarios ou de biocidas.	3
4.5	Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos, incluídos os produtos intermedios.	2
4.6	Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.	2
5. Xestión de residuos		
5.1	Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos perigosos cunha capacidade de máis de 10 toneladas por día que realicen unha ou máis das seguintes actividades:	
5.1a	Tratamento biolóxico.	1
5.1b	Tratamento fisicoquímico.	1
5.1c	Combinación ou mestura previas ás operacións mencionadas nos números 5.1 e 5.2.	3
5.1d	Reenvasamento previo a calquera das operacións mencionadas nos números 5.1 e 5.2.	3
5.1e	Recuperación ou rexeneración de disolventes.	1
5.1f	Reciclaxe ou recuperación de materias inorgánicas que non sexan metais ou compostos metálicos.	1
5.1g	Rexeneración de ácidos ou de bases.	1
5.1h	Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación.	1

	Actividades profesionais	Nivel de prioridade
5.1i	Valorización de compoñentes procedentes de catalizadores.	1
5.1j	Rexeneración ou reutilización de aceites.	1
5.1k	Encoramento superficial (por exemplo, vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, estanques ou lagoas, etc.).	3
5.2	Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos en estacións de incineración ou coincineración de residuos:	
5.2a	Para os residuos non perigosos cunha capacidade superior a tres toneladas por hora.	3
5.2b	Para residuos perigosos cunha capacidade superior a 10 toneladas por día.	1
5.3	Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluindo as incluídas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas:	
5.3a	Tratamento biolóxico.	3
5.3b	Tratamento fisicoquímico.	3
5.3c	Tratamento previo á incineración ou coincineración.	3
5.3d	Tratamento de escouras e cinzas.	3
5.3e	Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes.	3
5.4	Valorización, ou unha mestura de valorización e eliminación, de residuos non perigosos cunha capacidade superior a 75 toneladas por día que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluindo as contidas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas (cando a única actividade de tratamento de residuos que se leve a cabo na instalación sexa a dixestión anaerobia, os limiares de capacidade para esta actividade serán de 100 toneladas ao día):	
5.4a	Tratamento biolóxico.	3
5.4b	Tratamento previo á incineración ou coincineración.	3
5.4c	Tratamento de escouras e cinzas.	3
5.4d	Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes.	3
5.5	Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.	2
5.6	Almacenamento temporal dos residuos perigosos non incluídos no número 5.1, 5.2, 5.5 e 5.7, cunha capacidade total superior a 50 toneladas, excluindo o almacenamento temporal, pendente de recolla, no sitio onde o residuo é xerado.	3
5.7	Almacenamento subterráneo de residuos perigosos cunha capacidade total superior a 50 toneladas.	3
6. Industria derivada da madeira		
6.1	Instalacións industriais destinadas á fabricación de:	
6.1a	Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.	3
6.1b	Papel ou cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.	3
6.2	Instalacións de produción de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.	3
6.3	Instalacións industriais destinadas á fabricación dun ou máis dos seguintes taboleiros derivados da madeira: taboleiros de labras de madeira orientadas, taboleiros aglomerados ou taboleiros de cartón comprimido, cunha capacidade de produción superior a 600 m ³ diarios.	3
7. Industria téxtil		
7.1	Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueamento, mercerización) ou para a tinguidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.	3
8. Industria do coiro		
8.1	Instalacións para o curtume de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.	3

Actividades profesionais		Nivel de prioridade
9. Industria agroalimentarias e explotacións gandeiras		
9.1	Instalacións para:	
9.1a	Matadoiros cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas/día.	3
9.1b	Tratamento e transformación, diferente do mero envasamento, das seguintes materias primas, tratadas ou non previamente, destinadas á fabricación de produtos alimenticios ou pensos a partir de:	
9.1b(i)	Materia prima animal (que non sexa exclusivamente o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día.	3
9.1b(ii)	Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas por día ou 600 toneladas por día en caso de que a instalación funcione durante un período non superior a 90 días consecutivos nun ano calquera.	3
9.1b(iii)	Só materias primas animais e vexetais, tanto en produtos combinados como por separado, cunha capacidade de produción de produtos acabados en toneladas por día superior a: – 75 se A é igual ou superior a 10, ou – $[300 - (22,5 \times A)]$ en calquera outro caso. Onde «A» é a porción de materia animal (en porcentaxe do peso) da capacidade de produción de produtos acabados. O envase non se incluíra no peso final do produto. A presente subsección non será de aplicación cando a materia prima sexa só leite.	3
9.1c	Tratamento e transformación só do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).	3
9.2	Instalacións para a eliminación ou o aproveitamento de carcasas ou refugallos de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.	3
9.3	Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de:	
9.3a	40.000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente en excreta de nitróxeno para outras orientacións produtivas de aves de curral.	3
9.3b	2.000 prazas para porcos de ceba de máis de 30 kg.	3
9.3c	750 prazas para porcas reprodutoras.	3
10. Consumo de disolventes orgánicos		
10.1	Instalacións para tratamento de superficie de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, colalos, lacialos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de disolventes orgánicos de máis de 150 kg de disolvente por hora ou máis de 200 toneladas/ano.	3
11. Industria do carbono		
11.1	Instalacións para fabricación de carbono sinterizado ou electrografito por combustión ou grafitación.	3
12. Industria de conservación da madeira		
12.1	Conservación da madeira e dos produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos, cunha capacidade de produción superior a 75 m ³ diarios, distinta de tratamentos para combater o sámago exclusivamente.	3
13. Tratamento de augas		
13.1	Tratamento independente de augas residuais, non incluído na lexislación sobre augas residuais urbanas, e vertidas por unha instalación incluída no presente anexo.	3
14. Captura de CO₂		
14.1	Captura de fluxos de CO ₂ procedentes de instalacións incluídas no presente anexo con fins de almacenamento xeolóxico conforme a Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.	3
Os operadores que contan con instalacións de residuos mineiros que estean clasificadas como de categoría A de acordo co establecido no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras		3»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica de protección do ambiente, e no artigo 149.1.11.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases da ordenación de seguros.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de outubro de 2017.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.